



R escolle o estadio da Lomba, en Vilagarcía, para probar un sistema de retransmisión de eventos deportivos con 5G

- *O operador galego R e o consistorio de Vilagarcía de Arousa acordan poñer en marcha un piloto con tecnoloxía 5G para gravar e retransmitir eventos en diferentes instalacións deportivas do municipio.*
- *O sistema intelixente do proxecto permite emitir en directo a través de Internet en múltiples plataformas e xestionar manualmente a realización do evento dende calquera lugar, ademais de ofrecer un servizo multicámara simultáneo de cambio automático.*
- *O ensaio probará con 5G a conectividade de datos deste servizo de última xeración sobre a plataforma de Singtel, socio tecnolóxico de R, e coa aplicación TiiVii da empresa galega Cinfo.*

Mércores, 14 de febreiro de 2024.- O concello pontevedrés de Vilagarcía de Arousa e máis R, o operador de telecomunicacións líder en servizos en Galicia, acordaron impulsar un proxecto piloto baseado na tecnoloxía 5G para **gravar e retransmitir en tempo real eventos deportivos** (videostreaming).

Este servizo de última xeración baséase nun sistema de produción automática e remota con capacidades de vídeo en calidade 4K. A intelixencia artificial aplicada á **emisión automática do evento** permitirá recibilo a través de múltiples plataformas en Internet sen necesidade de operadores de cámara, tanto en diferido como en directo. Ademais, poderase executar a **realización remota**, por exemplo, dun partido de fútbol que se xogue nas instalacións do estadio, a través dunha mesa de realización na nube, accesible dende calquera lugar e coa posibilidade de xestionala manualmente. Un **sistema multicámara incluído** no piloto facilita, tamén, o cambio de cámaras simultáneas de forma inmediata, considerando os obxectivos tácticos máis específicos e interesantes para o deporte.

O director de empresas de R, Isidro Fernández de la Calle, explicou que “*este proxecto espreme as capacidades da nosa nova rede 5G e dos seus servizos, demostrando que hoxe en día podemos igualar a fibra a través dunha tecnoloxía radio con garantías de alta capacidade, moi baixa latencia e privacidade. Ademais, e como novidade fundamental, a nosa rede 5G e as súas novas funcionalidades poden ser utilizadas de xeito totalmente dixital por parte doutras empresas tecnolóxicas. Queremos que máis e máis socios tecnolóxicos de aplicacións coñezan a nova infraestrutura e as súas posibilidades para crear xuntos servizos innovadores para familias, pemes e grandes empresas.*”

Pola súa banda, o presidente da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía, Carlos Coira, celebrou *“que unha empresa como R escollese a cidade para facer esta experiencia piloto, polo que significa de recoñecemento ao labor que desenvolven unha multitude de clubs (en Vilagarcía hai máis de tres mil fichas federativas de distintos deportes) e tamén ao esforzo municipal por contar cada día con máis e mellores instalacións e servizos, nos que podería integrarse o que agora ofrece R, unha vez avaliada a experiencia piloto.”*

Tecnoloxía de última xeración para gozar do deporte en tempo real

O piloto –que vén de pórse en marcha– probará con 5G a conectividade de datos deste servizo de última xeración sobre a plataforma Paragon de **Singtel**, socio tecnolóxico de **R**, e coa aplicación TiiVii da empresa galega **Cinfo**.

A plataforma é pioneira pola cantidade de capacidades que aglutina aplicadas a redes 5G; entre outras, a de facilitar un control sen precedentes de múltiples aplicacións. Isto tradúcese en rapidez, eficacia e redución de custos operativos e de persoal á hora de ofrecer o servizo de *videostreaming* que se probará no estadio da Lomba estes meses. Ademais, cunha soa ferramenta cóbrense os requirimentos tecnolóxicos do sistema en ciberseguridade, innovación presente e futura e 5G optimizado.

No visionado do evento non hai límite de espectadores, que apreciarán todas estas vantaxes –de xeito simultáneo en varias plataformas se o desexan– cando gocen do deporte en tempo real (ou en diferido) cunha calidade de imaxe excelente, potencialmente enriquecida con melodías, grafismos, locucións ou vídeos enlatados, repetición manual de xogadas do evento deportivo... etc.

O sistema intelixente da plataforma permitirá retransmitir e gravar, por exemplo, competicións e partidos oficiais de fútbol, exhibicións, adestramentos e outros eventos dese tipo que se realicen no estadio de Vilagarcía.

E, para colaborar nos adestramentos, “Second Coach”

Outra das funcionalidades do sistema é “Second Coach” (‘segundo/a adestrador/a’) especialmente dirixida a adestradores/as e corpo técnico para mellorar o rendemento deportivo a través de gravacións de rutinas de adestramento e partidos como execución técnica para a súa visualización e análise noutro momento. Seguindo a tónica do proxecto, pódense gravar e visionar adestramentos ou técnicas dende diferentes tiros de cámara, facer avances, retrocesos e zoom no vídeo, ou mesmo marcar puntos de interese para recuperalos e repasalos posteriormente.

En suma, o actual acordo de **R** co concello de Vilagarcía para empezar as probas deste sistema 5G pioneiro é só o primeiro paso dun servizo de última xeración con moito percorrido. O seu camiño abre, nesta ocasión á localidade pontevedresa, inxentes posibilidades de innovación tecnolóxica para o aproveitamento de todo tipo de eventos nun futuro inmediato.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal